

SALIDA

Fecha: **10-Sep-2024**

Narón (A Coruña), **10 de Septiembre de 2024**

Nº Registro: **0054**

N/Referencia: **23/018**

Asunto: INFORME DE REVISIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE BAIXA TEMERARIA DA OBRA DE
“MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS E SIMOU”

Antonio J. Durán Maciñeira, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Colexiado nº 15.305, da firma PROYFE, S.L., e autor do Proxecto: “**MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS E SIMOU**”, a realizar no Concello de Mugardos.

INFORMO:

En relación coa xustificación da baixa presentada no Concello de Mugardos polo licitador CANARGA, S.L., no procedemento de contratación das mencionadas obras, redáctase o presente informe técnico:

1. En cumprimento do artigo 149.4 da Lei de Contratos do Sector público (Lei 9/2017, de 8 de novembro), o Concello de Mugardos solicita asesoramento técnico ó equipo redactor do citado proxecto, axuntando copia da xustificación da oferta presentada polo licitador.
2. O obxecto do presente informe é reflectir a análise da documentación presentada polo licitador para xustificala valoración da oferta e precisalas condicións da mesma, en particular o que se refira ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executala prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto as disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizala prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado (Art. 149 LCSP).
3. Na citada xustificación da oferta presentada, aléganse as seguintes razóns para determinalo importe ofertado:
 - Gastos Xerais e Beneficio Industrial: Segundo indica o Licitador mantén a porcentaxe prevista no Proxecto de referencia para os gastos xerais, do 13 %. Ó respecto da porcentaxe destinada ó Beneficio Industrial o Licitador indica que “..sacrificando o Beneficio Industrial debido ao noso interés de obter o contrato”, isto enténdese como aceptable, xa que desde o punto de vista da empresa, pode asumirse que a realización da obra suporía outros beneficios non cuantificables, relacionados coa estratexia empresarial

- Materiais: O Licitador presenta ofertas de provedores dos principais materiais a instalar segundo o Proxecto;. Estes prezos de provedores coinciden cos prezos utilizados no resumo do orzamento presentado para xustificar a oferta.
- Maquinaria: O Licitador achega relación de maquinaria que declara que é propiedade da empresa (Tipo, marca, modelo, potencia, custe/hora e matrícula) indicando que é suficiente para a realización dos traballos non prevendo aluguer de ningunha adicional. Estes prezos de custes/hora coinciden cos utilizados no resumo do orzamento presentado.
- Man de obra: O Licitador achega relación dos traballadores de plantilla, indicando formación, titulación, categoría profesional e tipo de contrato de cada un. Mantén os prezos os rendementos reflectidos no Proxecto.
- Volume de obra contratada: O Licitador aporta o volume de negocio de obra pública contratada, indicando que levan un “*grao de execución medio do 50%*”.
- Xestión dos residuos e partida de Reposicións e Imprevistos: O Licitador mantén o importe económico asignado no Proxecto, para estes conceptos.
- Seguridade e Saúde: O Licitador mantén o previsto no Proxecto de referencia para a Seguridade e Saúde en cumprimento dos criterios que establece o Art.152 do TRLCSP (“o respecto as disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizala prestación”), o que se considera correcto xa que mantén as condicións da prestación obxecto da Licitación.

Estes factores son recollidos nun orzamento no que se aplican, ás partidas do Proxecto, os prezos ofertados, determinándose o importe finalmente ofertado.

4. En conclusión, coa información presentada pola Empresa, non se observan razóns que impidan considerar que a oferta poida ser cumprida, **debendo entón considerarse a viabilidade da oferta presentada**, o que se informa sen prexuízo do que o Concello de Mugardos co seu mellor parecer decida, ou solicite as aclaracións que estime pertinentes.

E para que conste os efectos oportunos, firmo o presente informe en Narón (A Coruña), a dez de setembro de dous mil vinte e catro.

-----0000000000-----

Narón (A Coruña), 10 de setembro de 2024

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS

Asdo.: Antonio J. Durán Maciñeira

Colexiado Nº 15.305